

ANEXO: MODELO DE DECRETO DE ALCALDÍA PARA CONCELLOS

DECRETO ALCALDÍA Nº XXXX

Considerando a calamitosa situación que o pobo do Haití está a atravesar por causa do terremoto padecido o pasado 12 de xaneiro, cifrado en decenas de miles de vítimas e damnificados, ademais de considerables danos por unha contía difícil aínda de precisar.

Considerando a condición de socio que o noso Concello ten no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, entidade destinada a canalizar e xuntar os esforzos das corporacións locais galegas relacionados cos Países do Sur.

Visto o chamamento do Fondo Galego para que as corporacións locais galegas, e especialmente as socias da entidade, e a cidadanía galega en xeral fagan achegas á súa Conta de Emerxencia, con obxecto de poder participar na reconstrución do Haití, que se prevé longa e moi esixente a todos os efectos.

Pola presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a transferencia de XXX euros á Conta de Emerxencia do Fondo Galego (Caixa Galicia: 2091-0209-10-3040019000) recabando da entidade información fidedigna sobre o destino dos fondos recadados.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo aos servizos de Tesourería aos efectos correspondentes.

TERCEIRO: Dar conta ó Pleno corporativo, na primeira sesión ordinaria que celebre.

XXX, a XX de XXX de 2009

O Alcalde / A Alcaldesa

Ante min

A/O Secretaria/o

Asdo:

Asdo: